

VIEIROS

Cartafof

Xestionado por [Héitor Mera](#)

Xosé María Álvarez Cáccamo: Memoria de poeta

Polos vieiros da lembranza

Memoria de poeta

Xosé María Álvarez Cáccamo

Galaxia, Vigo, 2006. 492 páxs., 23 

O poeta e crítico Xosé María Álvarez Cáccamo lembra nas cerca de cincocentas páxinas que forman este volume vivencias que abarcan os cincuenta anos da súa vida. A obra resulta fundamental para comprender a obra dun dos nosos mellores poetas actuais, así como para trazar o desenvolvemento da literatura, cultura e ata historia galegas na segunda metade do século XX.

- 21:38 22/05/2006

Como non podía ser menos, o autor sitúase dentro da prodixiosa familia que dende o seu devanceiro zamorano establecido en Galicia, José María Álvarez Giménez, non deixou de producir poetas, escritores e intelectuais. Emparentada a familia con Alexandre Bóveda pasa por estas páxinas así mesmo todo o terror da Guerra Civil e das súas consecuencias. Especialmente interesante é a descrición do labor cultural que os pais, tíos e mesmo o círculo de amigos da familia (os Álvarez Blázquez, Del Riego, Celso Emilio, Cunqueiro...) fixeron a prol da lingua e cultura galegas nos anos cincuenta e sesenta. Por aí aparecen as editoriais Monterrei ou Castrelos, grazas ás cales puidemos nos anos sesenta e setenta acceder, en libros de peto baratos e nunha edición moi coidada para os tempos que corrían, á obra de Rosalía, de Pondal, de Curros ou de Amado Carballo, entre outros.

Moitos de nós sentímonos retratados nas páxinas que Xosé María lles dedica ao inesquecible instituto Santa Irene de Vigo (nunca lles agradeceremos bastante a profesores como Ferrín ou Leónides de Carlos como nos abriron os ollos e nos liberaron da escuridade nacionalcatólica franquista), á noxenta mili que tivemos que sufrir nos améns do franquismo ou á abafante facultade de filosofía e letras compostelá do remate dos sesenta e comezos do setenta. Aparece no libro de Cáccamo unha xeración (a que agora anda polos cincuenta anos, máis ou menos) que tiña unhas ansias tolas de saber, de facer cousas, de conectar coa renovación cultural e política daqueles anos e que o mesmo aplaudía o maio do 68, o movemento hippy, os partidos antifranquistas, o rock ou a canción protesta de *Voces Ceibes* e que apagaba a sede de cultura de verdade cos libros que vendía o Eduardo o Xudeu na súa trastenda ou coas películas de cine club. Despois viñeron os tempos da Transición e desta democracia e cada un colleu o seu camiño, mesmo ata rematar algún na dereita pura e dura.

Ás veces na memoria advírtese un certo desencanto, como se a xeración que agora anda polos cincuenta e

que retrata o poeta no seu libro de memorias, se sentise fracasada. Non obstante, no remate do libro, ao lembrar a súa participación en *Nunca máis* ou nas mobilizacións contra a participación na guerra do Irak, o poeta recupera o vigor e o pulo contestario do remate dos sesenta e comezos dos setenta. Aquele espírito reivindicativo e solidario está ben vivo e predeu nos máis mozos. Marabillosas son as descrições das manifestacións de *Nunca máis* onde aparecen os *progres* aqueles xa non só con alumnos e fillos, senón mesmo con netos... Emociona a lectura destas páxinas.

O libro é así mesmo fundamental para entender o devir da literatura galega dende comezos dos oitenta ata hoxe. Cáccamo presenta perfectamente e caracteriza a chamada xeración dos oitenta, lembra as súas revistas, os seus lugares de encontro, os mestres e mesmo a polémica cos dos noventa... E isto cóntao quen viviu os feitos en primeira persoa. Se o libro agora ten un gran valor, aínda o terá máis cando no futuro se teña de facer a historia da literatura galega no remate do século XX. Eu só lle reprocho neste repaso da vida literaria e cultural da chamada xeración dos oitenta unha certa autocompracencia e ausencia de autocrítica. Tamén cremos que o libro abusa das referencias á vida profesoral do autor e dá unha visión dos institutos actuais e mesmo do seu profesorado que resulta acaramelada de máis e, ás veces, superflua.

Moi interesante son as referencias sociolingüísticas que podemos extraer do libro. Nos anos do franquismo, mesmo nas familias comprometidas co galeguismo, a lingua habitual e inicial dos cativos, como era o caso de Álvarez Cáccamo, era o castelán. O galego só era en moitos destes círculos lingua de cultura ou lingua para dirixirse ás clases populares. É de gabar a actitude de cambio cara ao galego que realizaron moitos destes rapaces educados no castelán e que hoxe son grandes figuras da literatura galega.

Por último, gústanos que quen escribiu alá polo remate dos setenta un libro titulado *Galego cero* use agora termos propios do rexistro literario, que rexeitaba daquela como son *anceio*, *aceitar*, *esgrevio*, *anguria*, *afeizoadado*, *equipa*, *cenario*..., recuperando así un léxico propio do linguaxe literaria, que segue a estar estigmatizada, en moitos casos, pola Normativa oficial.

[mércao en Andel](#)